



## Concello de Vigo

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de decembro de 2012, adoptou o seguinte acordo:

**34.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA APR A-3-10 ESTURANS. EXPTE. 4856/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismos, sesión ordinaria do día 14.12.12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.-: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», redado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación *reformada* -sen visar- integrada no referido proxecto como "reformado" coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401).

Segundo.-: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP e nun xornal dos de maior circulación da provincia, así como mediante a notificación individualizada aos propietarios incluídos no ámbito do Proxecto de Urbanización. Notifíquese, tamén, ás mercantís "AQUALIA", "GAS NATURAL FENOSA", "TELFÓNICA" e "R".

Terceiro.-: Comunicar á propiedade que o aval a presentar será do 100% no caso de que se pretenda simultanear a obra urbanizadora coas obras de edificación. Dito aval deberá constituírse con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización.

Cuarto.- En ningún caso se procederá á aprobación definitiva do proxecto de urbanización inicialmente aprobado, sen a previa ou simultánea aprobación definitiva do instrumento de equidistribución do polígono.

Quinto.- Trasladar o presente acordo ás oficinas municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, OSPIO, Parques, Montes e Xardíns, e Licenzas de Obras.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a quince de xaneiro do ano dous mil trece.

rs

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.

